

Código deontolóxico da profesión docente

Introdución

A educación ten por obxecto lograr o máximo desenvolvemento das facultades intelectuais, físicas e emocionais das novas xeracións, e ao propio tempo permitirrlles adquirir os elementos esenciais da cultura humana. Ten, polo tanto, unha dobre dimensión, individual e social, intimamente entrelazadas, cuxo cultivo constitúe a base dunha vida satisfactoria e enriquecedora.

Dado que os seres humanos non nacen coa bagaxe de coñecementos, actitudes e valores necesarios para vivir unha vida persoal plena e desenvolverse nunha sociedade, é necesario facilitarlles ao máximo a súa consecución, por medio da acción educativa. De aí deriva a importancia da función docente, que ten como meta a formación integral das persoas novas como seres individuais e sociais. O desempeño desta tarefa conforma unha das profesións más necesarias cando un pobo desexa configurar unha sociedade xusta, harmónica e estable.

Para acadar tales obxectivos a sociedade debe garantir a liberdade de cátedra, o dereito de todo alumno ou alumna a aprender, e a igualdade de oportunidades educativas. A profesión docente require a dignidade, o recoñecemento, a autoridade e o respaldo necesarios para o seu desempeño.

O correcto exercicio da profesión docente non pode concibirse á marxe dun marco ético, que constitúe o seu substrato fundamental e que se concreta nun conxunto de principios de actuación:

- 1.** Dado o proceso de desenvolvemento persoal en que se atopan os destinatarios da acción educativa, as/os docentes teñen a responsabilidade de prestar unha atención permanente á influencia das súas accións sobre as/os educandos, por canto adoitan servir de pautas de conduta. Iso implica guiarse polos **principios de responsabilidade e exemplaridade** na súa actuación.
- 2.** Igualmente, dado que os valores cívicos fundamentais da nosa sociedade deben ser a xustiza e a democracia, orientados ao mantemento dunha convivencia social harmónica, o profesional da docencia deberá rexerse en todo polos devanditos criterios de actuación. E para respectalos, non perderá nunca de vista os **principios de xustiza, veracidade e obxectividade** nas súas actuacións.

3. A infancia e a adolescencia son etapas decisivas na formación da personalidade. E para que este desenvolvemento alcance libremente o seu teito, é preciso que os docentes se guíen polo **principio do respecto e a empatía**, como condición para propiciar os sentimientos de seguridade e autonomía nos educandos.

4. A convivencia escolar é unha excelente aprendizaxe para a convivencia social, polo que as docentes cultivarán os **principios de solidariedade e responsabilidade social**, con vistas á formación de cidadás e cidadáns activos e responsables.

5. Co fin de formar unha cidadanía autónoma, madura e con criterio propio, é necesario que a/o profesional docente poña todo o seu esmero no desenvolvemento do **espírito crítico** propio e do seu alumnado, de modo que aprendan a valorar, xulgar e sopesar a veracidade, alcance e importancia de canta información reciban a través de distintos medios.

6. Sen prexuízo da lexítima compensación que a docente ten dereito a recibir polo traballo que realiza, a súa actuación rexerase polo **principio do desinterese**.

7. Dado o cambio continuo ao que está sometida o labor da docencia, así como o marco institucional e social en que se desenvolve, o docente debe adoptar como guía de conduta o **principio de formación permanente** que lle permitirá responder do mellor modo aos desafíos que continuamente se lle expoñen.

Tendo en conta a complexidade das relacóns que se establecen na tarefa docente e a responsabilidade que implica, así como a necesidade de harmonizar as normas establecidas cos imperativos éticos, faise necesaria a concreción de todos estes principios xerais nun *código deontolóxico*, que detalle todos e cada un dos compromisos e deberes do bo ou boa profesional. O devandito código debe servir para que o profesor coñeza e asuma plenamente as súas obrigas, pero tamén para que a sociedade lle outorgue a confianza e a autoridade necesarias para acadar a educación de calidade que anceia e demanda para os seus fillos e fillas.

Por todo iso, o Consejo General de Colegios Oficiales de Doctores y Licenciados en Filosofía y Letras y en Ciencias do Estado Español establece o seguinte **código deontolóxico da profesión docente**, que deberá ser asumido e aceptado por cantos exercen esta profesión, isto é, as mestras e os mestres de educación infantil, as e os docentes de ensino primario, o profesorado de ensino secundario, así como cantos desenvolvan unha función educativa e

docente en centros de ensino infantil, primario, secundario ou de formación profesional.

A vixilancia do cumprimento dos compromisos e deberes recollidos neste código corresponderá a cada un dos colexios oficiais, a través dos seus estatutos e dos seus mecanismos disciplinarios.

1. Compromisos e deberes en relación co alumnado

- 1.1. Contribuír activamente ao exercicio efectivo do principio constitucional do dereito á educación por parte do alumnado.
- 1.2. Promover a formación integral do alumnado a través dunha atención personalizada e unha relación de confianza que contribúa a fomentar a autoestima, a vontade de superación e o desenvolvemento das capacidades persoais.
- 1.3. Tratar xusta e equitativamente ao alumnado, sen aceptar nin permitir prácticas discriminatorias por ningún motivo asociado a características ou situacóns persoais, sociais, económicas ou de calquera outro tipo.
- 1.4. Proporcionar ao alumnado un sistema estruturado de coñecementos e habilidades que lle permita avanzar no seu desenvolvemento persoal, dar resposta adecuada ás novas situacóns que se lle expoñan e acceder nas mellores circunstancias posibles á vida adulta e a unha cidadanía activa.
- 1.5. Atender adecuadamente á diversidade de circunstancias e situacóns persoais do alumnado, ofrecendo a todos a posibilidade de desenvolver as súas capacidades e profundar a súa formación nos distintos campos do saber.
- 1.6. Non adoutrinar ao alumnado, fomentando o desenvolvemento do xuízo crítico e ecuánime sobre a realidade e sobre si mesmos e promovendo a procura da verdade como principio reitor do saber.
- 1.7. Adoptar todas as medidas precisas para salvagardar a liberdade, a dignidade e a seguridade física, psicolóxica e emocional do alumnado.
- 1.8. Atender e canalizar adecuadamente as reclamacóns lexítimas do alumnado no exercicio da docencia e da función titorial.
- 1.9. Gardar o segredo profesional en relación cos datos persoais do alumnado de que se dispoña no exercicio profesional da docencia.

2. Compromisos e deberes en relación coas familias e as/os titulares legais do alumnado

- 2.1. Respectar os dereitos das familias e das/dos titulares legais en relación coa educación dos seus fillos e fillas, harmonizándoos co exercicio da autoridade docente e co cumprimento dos proxectos educativos adoptados.
- 2.2. Favorecer a cooperación entre as familias e o profesorado, compartindo a responsabilidade educativa nos temas que afecten a ambas as partes e propiciando unha relación de confianza que promova a participación a través dos correspondentes órganos e asociacións.
- 2.3. Proporcionar ás familias e aos titulares a información necesaria sobre os proxectos educativos do centro, a programación docente e os criterios de avaliación establecidos no ámbito que corresponda.
- 2.4. Proporcionar ás familias e titulares información verbo do proceso educativo dos seus fillos/as, o grao de consecución dos obxectivos propostos e as eventuais dificultades que se detecten, así como a orientación adecuada ás devanditas circunstancias.
- 2.5. Respectar a confidencialidade das informacións proporcionadas, por mor do exercicio das súas funcións, por parte das familias ou titulares.

3. Compromisos e deberes en relación coa institución educativa

- 3.1. Mostrar o máximo respecto ao proxecto educativo do centro sen prexuízo do exercicio da liberdade de cátedra.
- 3.2. Respectar e facer respectar as normas de funcionamento do centro e colaborar en todo momento cos seus órganos de goberno, os departamentos didácticos, os servizos de orientación psicopedagólica, as titorías e calquera outros servizos da institución.
- 3.3. Favorecer a convivencia nos centros educativos, contribuíndo a manter un ambiente adecuado para o ensino e a aprendizaxe, utilizando as canles apropiadas para resolver os conflitos que poidan xurdir e evitando calquera tipo de violencia física ou psíquica.
- 3.4. Velar polo bo estado de mantemento e limpeza de materiais e instalacións, inculcando no alumnado o respecto aos bens comúns e públicos.

3.5. Exercer con dedicación as responsabilidades directivas ou doutro tipo que se desempeñen, mantendo canles abertas de consulta e debate no centro e actuando como modelo de conduta ante as e os compañeiros.

3.6. Velar en toda circunstancia polo prestixio da institución na que se traballa, contribuíndo activamente á mellora da súa calidade.

3.7. Colaborar coa institución e coas autoridades educativas en cantas consultas e informacións se realicen para un mellor ordenamento da tarefa educativa.

4. Compromisos e deberes en relación coas e cos compañeiros

4.1. Achegar os propios coñecementos, capacidades e aptitudes co fin de crear un clima de confianza que potencie o bo traballo en equipo.

4.2. Colaborar lealmente cos compañeiros, coas compañeiras e co persoal que participa na educación para asegurar unha actuación colectiva coordinada que redunde en beneficio do alumnado e do cumprimento dos obxectivos educativos da institución.

4.3. Respectar o exercicio profesional das e dos compañeiros de profesión, sen interferir no seu traballo nin na súa relación co alumnado, familias ou titores.

4.4. Manter a obxectividade na apreciación do traballo profesional das e dos compañeiros, mostrando o debido respecto ás súas opinións e utilizando as vías establecidas para manifestar a desconformidade coa súa actuación.

4.5. Gardar o segredo profesional en relación cos datos persoais de compañeiros/as dos que se dispoña no exercicio de cargos de responsabilidade.

5. Compromisos e deberes en relación coa profesión

5.1. Desenvolver con profesionalidade o ensino no ámbito docente que corresponda, actuando con autonomía e atendendo ás necesidades de desenvolvemento do alumnado, á normativa establecida e aos proxectos educativos do centro no que se desempeña a tarefa docente.

5.2. Desenvolver un exercicio profesional que demostre uns altos niveis de competencia, un bo dominio da especialidade e unha conduta adecuada aos principios constitucionais que constitúen o fundamento da convivencia cidadá.

5.3. Asumir a responsabilidade propia naqueles ámbitos de actuación que son competencia profesional das e dos docentes.

5.4. Asumir a obriga da formación permanente, dado o avance constante da ciencia, das novas tecnoloxías e da realidade social.

5.5. Contribuír ao progreso da profesión a través da actualización didáctica e científica, o perfeccionamento profesional, a investigación e a innovación educativa.

5.6. Contribuír á dignificación social da profesión docente e defender e facer respectar os dereitos que lle corresponden.

6. Compromisos e deberes en relación coa sociedade

6.1. Asumir e cumplir os deberes de cidadanía, actuando con lealdade á sociedade e ás institucións, no marco da Constitución Española e da normativa vixente.

6.2. Desenvolver unha actuación docente acorde cos valores que afectan á convivencia en sociedade, tales como liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo, tolerancia, comprensión, cooperación, respecto e sentido crítico.

6.3. Promover unha educación para o exercicio activo da cidadanía e o logro dunha convivencia baseada na igualdade de dereitos, a ausencia de discriminación, a liberdade persoal, a xustiza e o pluralismo.

6.4. Contribuír ao desenvolvemento do espírito crítico e de actitudes reflexivas e comprometidas coa mellora das condicións nas que se desenvolve a vida social e a relación sustentable co contorno.

6.5. Colaborar activamente na dinamización da vida sociocultural da súa comunidade próxima.

*Aprobado polo pleno do Consejo General de Colegios Oficiales
de Doctores y Licenciados en Filosofía y Letras y en Ciencias,
na súa sesión do 6 de novembro de 2010*